



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enfermería clínica I

Materia	Enfermería clínica I			
Código	O51G140V01204			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Raquel			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Raquel Rodríguez Rodríguez, Alina Vicos Padrón, César			
Correo-e	raquel.perez.rodriguez@sergas.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia Enfermería Clínica I pertence ao módulo das Ciencias da Enfermería. Nesta materia abordarase, desde o punto de vista enfermeiro, as alteracións da saúde nas diferentes situacións e relacionaranse ditas alteracións coa identificación das necesidades da saúde dos individuos. Para facer esta correlación, utilizarase o método científico para a resolución de problemas (necesidades non cubertas) derivados de ditas alteracións: o proceso de enfermaría.</p> <p>Adquiriránse as habilidades para o desenvolvemento dos procedementos necesarios, para dar resposta as necesidades dos individuos nestas e outras alteracións da saúde, dun xeito práctico.</p> <p>Non deixa de ser a aplicación do proceso de enfermaría desde unha perspectiva e enfoque clínico.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, cómo individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto as suas opinións, creencias e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respetar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermedade
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocoidado, apoiando o mantemento de conductas preventivas e terapéuticas
C28	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas súas distintas fases.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C32	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.

D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersonais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D10	Motivación pola calidade
D11	Sensibilidade hacia temas medioambientais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de comprender os problemas que desencadean as enfermidades no ámbito da patoloxía cirúrxica é médica	A1	B8	C28	D1
	A2	B9	C29	D2
	A4		C30	D3 D4
Ser capaz de diferenciar os mecanismos e/ou problemas derivados das patoloxías máis comúns dos diferentes aparellos e sistemas do organismo humano, o seu tratamento médico e cirúrxico	A3	B7	C28	D6
		B8	C29	D7
		B9	C30	D8
			C31 C32	D10
Ser capaz de planificar procedementos e intervencións precisas, para proporcionar unha axeitada atención de enfermaría os individuos con problemas médicos e cirúrxicos	A4	B7	C28	D1
	A5	B8	C29	D2
			C30	D3
			C31	D4
			C32 C33	D11
Ser capaz de identificar e valorar as necesidades e/ou problemas ocasionados polas enfermidades establecendo prioridades, planificando coidados e participando na avaliación do plan de coidados	A2	B7	C28	D2
		B8	C29	D4
		B9	C30	D5
			C33	D7
				D8 D9

Contidos

Tema	
MÓDULO I Introdución a enfermaría médico-cirúrxica	-Aplicación do proceso de enfermería en relación coas alteracións da saúde -Introdución a organización hospitalaria, persoal asistencial, historia clínica - Protocolo de acollida ao paciente na unidade de hospitalización Seminario: <input type="checkbox"/> Organización hospitalaria. <input type="checkbox"/> Persoal asistencial: sanitario e non-sanitario. <input type="checkbox"/> Protocolo de acollida ao doente hospitalizado. <input type="checkbox"/> Expediente clínico/HC. <input type="checkbox"/> Xornada laboral do persoal de enfermería.
MÓDULO II Atención de enfermaría no perioperatorio	-Preoperatorio -Intraoperatorio. Área cirúrxica -Postoperatorio Seminario: <input type="checkbox"/> Técnicas e procedementos necesarios no pre, intra e posoperatorio.
MÓDULO III Atención de enfermaría ao doente con desequilibrio hidroelectrolítico, ácido-base.	-Déficit de líquidos e electrolitos -Desequilibrio ácido-base -Cálculo do balance hídrico Seminario: <input type="checkbox"/> Cálculo e valoración das entradas e perdas do doente hospitalizado.

MÓDULO IV
O doente con alteracións tegumentarias

- Coidados de feridas
- Prevenición das úlceras por presión
- Coidados nas queimaduras
- Outras alteracións da pel

Seminario:

- Coidados, técnicas e procedimentos necesarios para a curación das feridas. Medidas de prevención da infección.
- Coidados, técnicas e procedimentos necesarios no doente queimado.
- Coidados, técnicas e procedimentos necesarios na prevención das UPP.

MÓDULO V
O doente con problemas de intercambio gaseoso

- Alteracións respiratorias
- Osíxenoterapia
- Aspirado e recollida de secrecións bronquiais
- Probos funcionais e diagnósticos do aparello respiratorio
- Técnicas de fisioterapia respiratoria
- Terapia inhalatoria

Seminario:

- Administración de osíxenoterapia.
- Aspiración de secrecións.
- Obtención dunha mostra de esputo.
- Espirometría.
- Drenaxe pleural.
- Técnicas de fisioterapia respiratoria.
- Administración de fármacos por vía inhalatoria.

MÓDULO VI
O doente con problemas nas funcións:
cardiovascular e circulatoria

- Alteracións cardíacas
- Alteracións circulatorias
- Coidados de enfermería ao paciente cardíopata
- Probos diagnósticos e funcionais do aparello cardio-circulatorio
- Medidas preventivas

Seminario:

- Implante do MCP, valoración no ECG e coidados ao doente portador.
- Coidados ao doente con tratamento ACO.
- Administración da NTG.
- Coidados, medidas e control na IVC: terapia compresiva.
- Medidas preventivas, educación sanitaria ao doente cardíopata.

MÓDULO VII
O doente con problemas nas funcións
hematolóxicas

- Alteracións hematolóxicas
- Medidas de illamento
- Hemotransfusión e hemodoazón

Seminario:

- Medidas de illamento.
- Protocolo de actuación no caso de doazón de sangue.
- Protocolo de actuación no caso de doazón de medula ósea.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	45	58	103
Seminario	28	50	78
Exame de preguntas obxectivas	2	30	32
Práctica de laboratorio	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Seminario Entrevistas que a/o estudante mantén con o profesorado da materia para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
<p>Seminario A avaliación da parte de seminarios da materia, constará de dous apartados, o que no global correspóndese con o 40% da puntuación total da materia.</p> <p>1º. Avaliación continua. Esta farase ao longo do cuadrimestre no que se imparte a materia, mediante a observación das habilidades e destrezas mostradas pola/o estudante na realización de técnicas, explicación dos procedimentos que se indiquen e a súa participación activa nos temas expostos nos seminarios. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación correspóndese con o 20% da puntuación total da materia.</p> <p>2º. Exame de preguntas obxectivas (tipo test). En relación a materia impartida nos seminarios, farase unha proba de preguntas (tipo test), con 3 alternativas de resposta, sendo só unha delas certa. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E, acertos - erros). As respostas en branco non restan puntuación. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico. Esta avaliación correspóndese con o 20% da puntuación total da materia.</p> <p>Será preciso superar estas dúas probas de avaliación, para poder superar esta parte de seminarios da materia; o que será preciso tamén para superar a materia.</p> <p>A asistencia aos seminarios é obrigatoria, mínimo o 90% do total das horas asignadas, no caso contrario a/o estudante, deberá realizar unha proba práctica en relación aos contidos impartidos nos seminarios, na data marcada no calendario oficial académico, na edición correspondente.</p>	40	A1 A2 A3 A4 A5	B7 B8 C33	C31 C32 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11	D1
<p>Exame de preguntas obxectivas A avaliación da parte teórica da materia basearase na realización dun exame de preguntas obxectivas (tipo test), con 3 alternativas de resposta, sendo só unha delas certa. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E, acertos - erros). As respostas en branco non restan puntuación. A puntuación mínima para ser apto neste apartado será de 5.0 sobre 10. Dita proba farase na aula e data marcada no calendario oficial académico. Esta avaliación correspóndese con o 60% da puntuación total da materia.</p> <p>Será preciso superar esta parte da teoría, para poder superar a materia.</p>	60	A1 A2 A3 A4 A5	B8 B9 C30 C32 C33	C28 C29 D7 D10	D3 D4

Outros comentarios sobre a Avaliación**Avaliación de recuperación da ausencia aos seminarios da materia.**

A/O estudante que non asista no mínimo ao 90% do total de horas asignadas de seminarios, deberá facer un exame práctico en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico. Esta avaliación correspóndese con o 20% da puntuación total da materia. De igual xeito a/o estudante, deberá facer o exame de preguntas obxectivas, en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia. É preciso ter superado estas dúas probas de avaliación (exame práctico e exame tipo test), para poder superar esta parte de seminarios da materia.

2ª edición ordinaria (xullo).

A esta convocatoria deberá presentarse a/o estudante que non teña superada algunha/s das partes correspondentes desta materia.

- No caso de que a/o estudante non teña superada a avaliación continua ou a proba práctica de recuperación da ausencia aos seminarios, terá que facer un exame práctico en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico, para a 2ª edición ordinaria. Esta avaliación correspóndese con o 20% da puntuación total da materia.

- No caso de que a/o estudante non teña superado o exame de preguntas obxectivas correspondente a parte de seminarios da materia, terá que facer esta proba de preguntas tipo test. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E, acertos - erros). A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico, para a 2ª edición ordinaria. Esta avaliación correspóndese con o 20% da puntuación total da materia.

Será preciso superar estas dúas probas de avaliación (exame práctico e exame tipo test), para poder superar esta parte de seminarios da materia. Esta avaliación correspóndese no global con o 40% da puntuación total da materia.

- No caso de que a/o estudante non teña superada a parte da teoría, deberá facer un exame de preguntas obxectivas tipo test. A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E, acertos - erros). A puntuación mínima para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico, para a 2ª edición ordinaria. Esta avaliación correspóndese con o 60% da puntuación total da materia.

Para superar a materia nesta 2ª edición ordinaria, será preciso superar a parte de seminarios (proba práctica e proba tipo test) e a parte teórica da materia (exame de preguntas obxectivas tipo test).

Convocatoria de Fin de carreira.

A/O estudante, poderá presentarse a esta convocatoria de fin de carreira (**previa matrícula específica para esta convocatoria**), na que prevalecerán os mesmos criterios de realización e de avaliación indicados para a 1ª e 2ª edición ordinaria. As probas de avaliación correspondentes, faranse na data indicada no calendario oficial académico para esta convocatoria de [fin de carreira].

Outros comentarios.

As datas oficiais para a realización das probas de avaliación desta materia, en todas as edicións, serán as marcadas no calendario oficial académico da UVigo. Ditas datas estarán dispoñibles para a/o estudante na páxina web da Escola: <http://euenfou.webs.uvigo.es/index.php/gl-es/>

A data de revisión das probas de avaliación nas súas diferentes convocatorias, serán comunicadas oportunamente por parte do profesorado da materia, no momento da publicación da lista de cualificacións provisionais.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Píriz, R. De la Fuente, M., **Enfermería médico-quirúrgica. Enfermería S 21 Vol. I, II, III**, 1ª ed., DAE, 2013

Swearingen, P.L., **Manual de enfermería médico-quirúrgica. Intervenciones enfermeras y tratamientos interdisciplinarios.**, 6ª ed., Elsevier, 2008

Nanda Internacional. Herdman TH, Shigemi Kamitsuru S., **Diagnósticos enfermeros. Definiciones y clasificación 2021-2023**, 1ª ed., Elsevier, 2021

Sue Moorhead, Elizabeth Swanson, Marion Johnson, Meridean L. Maas, **Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC)**, 6ª, Elsevier, 2018

<http://www.nnnconsult.com>,

Bibliografía Complementaria

Hinkle JL, Cheever KH. Brunner Y Suddarth, **Enfermería médicoquirúrgica**, 14ª, Wolters Kluwer, 2019

Howard K. Butcher, Gloria M. Bulechek, Joanne M. Dochterman and Cheryl Wagner, **Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC)**, 7ª, Elsevier, 2018

<https://ulcerasfora.sergas.gal/>,

<https://femora.sergas.es/>,

<https://www.consejogeneralenfermeria.org/profesion/guias-clinicas>,

<https://www.fisterra.com/>,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Enfermería clínica II/O51G140V01205

Enfermaría comunitaria II/O51G140V01206
Prácticas clínicas I/O51G140V01208
Enfermaría clínica III/O51G140V01301
Prácticas clínicas II/O51G140V01303
Prácticas clínicas III/O51G140V01306
Prácticas clínicas IV/O51G140V01405
Prácticas clínicas V/O51G140V01406

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ética e lexislación/O51G140V01202
Farmacoloxía e dietética/O51G140V01203
Introdución á enfermaría clínica/O51G140V01201

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/O51G140V01101
Bioquímica: Bioquímica/O51G140V01103
Enfermaría comunitaria I/O51G140V01104
Fisioloxía: Fisioloxía/O51G140V01105
Fundamentos de enfermaría/O51G140V01107

Outros comentarios

.- Utilizarase a plataforma Moovi da Universidade de Vigo, para manter comunicación académica-docente con a/o estudante (documentación, anuncios, cualificacións, etc), para o cal será preciso, que ao inicio do cuadrimestre, a/o estudante revise se está correctamente dada/o de alta en dita plataforma.

.- A/O estudante deberá entregar a profesora de seminarios, na 1ª semana do inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia, a ficha da/o estudante debidamente cumprimentada. De igual xeito a/o alumna/o deberá incluír a súa foto na plataforma virtual da materia no Moovi.

.- Tutorías: serán previa cita, a/o estudante deberá enviar un correo electrónico ao docente correspondente*.

*Enderezo de correo electrónico dos docentes da materia:

alina.rodriguez.rodriguez@uvigo.es
cesar.vicos@uvigo.gal
raquel.perez.rodriguez@sergas.es

.- Será de obrigado cumprimento por parte da/o estudante, o establecido no art.39 do código ético, do "Título VII. Do uso de medios ilícitos", do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobado no claustro da UVigo o 18 de abril de 2023), que implica a renuncia ao emprego de medios, prácticas e/o dispositivos non autorizados ou que poidan implicar un aproveitamento ilexítimo do traballo alleo, a apoderarse indebidamente do contido de probas ou exames, a utilizar indebidamente contidos ou medios de reprodución e de gravación das actividades universitarias; así como asumir as consecuencias que ocasionen o incumprimento do devandito compromiso e as sancións que se derivasen deste, de acordo con o previsto polo artigo 11 g) da Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria, cumprindo ademais co código ético da Universidade de Vigo.
